



## REGULAMENTO

### Ruta BTT X Aniversario CC Terra Cha

Art. 1.- O Club Ciclista Terra Cha en colaboración co Concello de Vilalba, coa autorización da Federación Galega de Ciclismo e acorde co Regulamento Xeral de Cicloturismo, organiza a marcha “Ruta BTT X Aniversario CC Terra Cha” o día 7 de Outubro do 2023.

Art. 2.- A saída será as 9,00h dende a Praza da Constitución, Vilalba.

Art. 3.- A marcha está aberta a todo ciclista maior de 15 anos en posesión de licenza federativa en vigor, cun máximo de 300 participantes. As inscricións de menores de 18 anos, deberán ir acompañadas da autorización por escrito do pai, nai ou titor legal do participante. O importe da inscrición será de 25€ para os federados, 30€ para os que se atopen en posesión de licenza de triatlón ou carnet ciclista e de 35€ para os que precisen solicitar licenza dun día.

Art. 4.- **Todos os participantes menores de 18 anos**, estean ou non en posesión de licenza federativa en vigor, deberán achegar a pertinente autorización paterna para poder participar. De non achegar a devandita autorización, non se dará por formalizada a inscrición e non lles será entregado o dorsal para poder participar na Ruta BTT X Aniversario CC Terra Cha.

Art. 5.- A inscrición realizarase a través da páxina web de [ccnorte.com](http://ccnorte.com) desde o 1 de Setembro do 2023, ata o día 1 de Outubro do 2023.

Art. 6.- Será obrigatorio o uso do casco.

Art. 7.- Só se consideraran participantes da marcha aqueles ciclistas que leven o dorsal facilitado pola organización. Participar co dorsal de outra persoa ou inscribirse con datos falsos conleva a descalificación da participación e deberá abandonar a carreira.

Art. 8.- A organización disporá dos servizos sanitarios esixidos polos regulamentos técnicos de la RFEC, ambulancia e médico.

Art. 9.- Cada participante será responsable dos seus actos, tanto dentro coma fora da marcha, debendo cumprir o regulamento de circulación e demais normas de Tráfico e co Medio Ambiente previstas pola lei.

Art. 10.- A organización facilitará avituallamentos sólidos e líquidos en distintos puntos do percorrido, reservándose o dereito a modificar o mesmo si por causas de forza maior, ou o bo desenrolo da proba así o aconsellan.

Art. 11.- Devolucions. As inscricions consideranse DEFINITIVAS, polo que no caso de non poder participar non se realizará a devolución da inscrición. As inscricions son estrictamente persoais e intransferibles e non poden ser utilizadas por outra persona diferente da inscrita.

Art. 12.- Entregarase un trofeo as primeiras persoas clasificadas masculina e feminina da distancia mais longa que teña participantes inscritos (permítese a inscrición e participación de eBikes pero quedan excluídas no relativo aos trofeos).

Art. 13.- A inscrición da marcha supón a plena aceptación do regulamento.

\*O presente regulamento está suxeito a cambios provocados polos protocolos que estableza o Goberno ou a Federación Galega de Ciclismo no momento no que se vaia a desenrolar a proba.